

#3624

ENTREVISTA A MANUEL GONZÁLEZ

NOME DO DOCUMENTO:	MPG_CaRi_0013_B_id3624_D
AUDIO DE REFERENCIA:	MPG_CaRi_0013_B_id3624.mp4
TIPO DE DOCUMENTO:	Etnográfico xeral
MATERIAL DISPOÑIBLE:	Ficha de contexto, transcripción e fotografías. Vídeo resumo editado mp4. Ficha de ferramentas. Ficha de fotografías antigas.
DATA DE RECOLLIDA:	venres, 15 de novembro de 2024
LOCALIZACIÓN:	
Localización:	Domicilio particular
Lugar:	A Ponte de Traba
Parroquia:	Noia (San Martiño)
Concello:	Noia
Provincia:	A Coruña
INFORMANTE:	
Nome:	Manuel González Videla
Alcume:	Manolo de Roque
Idade no momento da recollida:	77 anos
Lugar e data de nacemento:	A Ponte de Traba (Noia), 25 de abril de 1947
Ocupación:	Mestre carpinteiro de ribeira
COLECCIÓN:	Fondos da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI)
ENTREVISTA REALIZADA POR:	Isabel Vigo Rodríguez (APOI-MPG)
GRAVACIÓN REALIZADA POR:	Fernando Portela (IMACO)
EQUIPO DE GRAVACIÓN:	Sony FX6 e Sony A7SIII
ASISTEN Á GRAVACIÓN:	Ramón Collazo e Lita Places (AGALCARI).
DURACIÓN:	12'22"

Audio de referencia: MPG_CaRi_0013_B_id3624.mp4

CONTEXTO:



Vídeo editado das entrevistas realizadas a mestres carpinteiros de ribeira para o *Proxecto de Rexistro e salvagarda do conxunto dos saberes patrimoniais arredor da carpintaría de ribeira* (SI-2024-0261.INT) da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, adxudicado á Asociación Galega de Carpintería de Ribeira (AGALCARI).



A gravación completa (0:37:08) pode consultarse, de xeito presencial, no Museo do Pobo Galego así como a copia deste vídeo editado en maior resolución.

PALABRAS CHAVE: carpintería de ribeira , embarcacións tradicionais

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA E TRANSCRICIÓN: Isabel Vigo Rodríguez

TRANSCRICIÓN DO VÍDEO EDITADO:

A quilla tense feito, a maioría das veces, tense feito de tres pezas de roble, pero a través do tempo, despois foise cambiando e tratouse de meter a quilla de eucalipto de unha sola peza. Iba a quilla enteira, pero facíase en tres pezas con escarpe de quilla, como se solía facer, e iba tres pedazos. Despois quen sujetaba, quen aguantaba eso era a dichosa sobrequilla que nós lle chamamos, a carlinga, logo. É o que aguantaba que é o espiñazo do barco, é como a nosa espiña dorsal que aguanta de nós.

E despois tamén se buscaba moi ben un carballo para enlazar ca proa, para facer enlazar o carballo de proa. Un carballo que tivera unha raíz gorda, con que dera o gordo da quilla, para aproveitar esa raíz para facer a peza que non quedara a freba cortada, a fibra da madeira. E outro tanto na popa tamén. Buscábase tamén un pau así medio que tivera unha boa raíz para enlazar co codaste de popa e quedaba toda a madeira ao largo, non quedaba cortada.

En barcos grandes, si.

Ese tipo de barco todos levaban alefriz. E a plantilla para o alefriz pois había que facelas, facíase según o gordo da aparadura. Pois pola mitad de fondo se tiña cinco de grosor, dous e medio de fondo para a aparadura, que facía unha U. E facíase a plantilla, que é faciliña de facer, ibas apoiando, apoiando, despois cepillabas con guillame deses, e perfecto. E para coller os cartamóns da aparadura, para coller os cartamóns da aparadura había que collelos con compás. Ca falsa escuadra e apoiando, collendo con compás a diferencia, en todos, en todos, ir marcando os puntos todos para despois na peza, na aparadura, pasar eses puntos todos para dar a caída da V.

Os máis pequenos podían levar unha ochava, unha ochava a medio centímetro ou algo máis de caída hacia dentro, o gordo da aparadura, para que non collera moita solapa a aparadura, porque ao coller moita caída, se fora pegada á quilla, ou collera moita caída todo o contorno en sí eso hincha. Entón eso iba desviando da quilla para baixo. Pero ao ter o firme, ao ter un pequeno alefriz ou ter unha ochava que collía case o canto a escuadro, entón aí facía firme.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Unha vez a quilla plantada xa se plantaba con enrodamentos. O seguinte orden era xa ir enramando xa as cuadernas, empezar na maestra e correr hacia a proa, hasta o zapatón ou hasta o curvatón de proa.

A quilla apoiábase en picaderos de tres en tres metros máis ou menos, ou dos en dos. Facíanse os picadeiros todos, alinébalos cun cordel, porque estiveran dereitos, e por un lado metíalo cordel dereito e xa metías uns tacos, todos por unha esquina, por un lado, non. Entón se arrimaba a quilla, despois metías os outros, clavábalos os tacos, e a quilla quedaba sujeta e non se movía.

Para levantal a o que se usaba era dúas patas de cabria, que eran dous paus enlazados, altos, para meter unha diferencial, e traballar ca diferencial para subila ou un aparejo grande.

A proa do barco, un barco destes grandes nos fixémolas sempre dunha peza sola, roda e contrarroda. Tamén se teñen feito pezas a contrarroda independente, individual, e xuntala contrarroda e despois encavillala. Pero nós, a maioría, era todo dunha peza.

Home, vamos a ver, a popa a min que máis me gusta é a popa redonda, a que nós chamamos popa de parrulo. Pero tamén había aquela popa de galón que era moi valiente para o mar, as popas de rabo de gallo. Ese era moi valiente para o mar ese barco. Agora para bonita a min gustábame a redonda esa. Moito máis difícil para dobrar as madeiras. Pero bueno, xa tiñan que ir ao caldeiro, tiñan que ir a vapor ou a un caldeiro de agua grande para ferveras, se non non había quen as virara. Pezas de sete centímetros de grosor, as cintas, por exemplo, mirar aquelas curvas, algunhas viraban. Algunha viraba, pero algunha viraba de máis. Algunha partía.

- Esas de que madeira eran?

Era pino, o forro de fóra, pino.

- A unión da popa ca quilla tamén me dixo que era a escarpe, non?

O codaste de popa, sí, o codaste de popa. O proel ese vai metido nunha fura, leva un espigo, leva unha fura como a pía do palo, leva un espigo así o codaste e entra xusto no espigo, e nada máis. Agora si, o de popa, o codaste de popa tense buscado así unha peza unha raíz boa para poder enlazar co codaste, porque o codaste baixa reto para baixo e a outra tiña que virar para arriba. E entón buscabas unha raíz para enlazar o escarpe igual, co codaste de popa.

As cuadernas eran de roble, de roble. Bueno, para empezar cas cuadernas tiñamos que empezar por los carballos que había que tiralos ao mar cando viñan para o taller para que se conservara así que era a parte de fóra algo porque o que o samo do carballo non vale, o samo do eucalito non vale. O samo máis duro da madeira entre nós de aquí é o do pino, o máis duro. Que o do eucalipto desfai, o do roble desfai. Pero bueno, unha vez feito ese requisito serrábanse e aproveitábanse a serna de carballo. Que si a cuaderna é toda en serna hai cuadernas para toda unha vida, dúas ou tres, porque a serna do carballo non pudre, e o carballo non pudre jamás.

Bueno, aquí temos a primeira peza da cuaderna que sería esta que lle chaman a varenga. A segunda peza que vai ligada con esa, que é esta, sería o xinol, hasta o codillo. Aquí metíamolle un pequeniño choque que despois explicarei para que é este choque que leva aquí. Logo facíamos a peza esta que



enlazaba aquí que lle chaman a ligazón. Seguiríamos con esta outra peza que é o xinol que enlazan neste. E iríamos ca outra peza, a última, que vai a cuberta que sería o choque. E queda a cuaderna montaba toda, a dobre. Estas serían as pezas, o nome das pezas da cuaderna. Toda en carballo.

Nós os xenoles estes sempre viñan aquí ao centro, ao centro daquí do pé da cuaderna. Pero nós decidimos sempre meterlle un taco aquí, un taco aquí e que quedara aquí o xenol porque despois, para clavalas cuaderna na quilla, clavábase no choque e a varenga sempre quedaba enteira, non se debilitaba nada, entendes. Por eso metíamos o choque nós embaixo, para clavar no choque e deixar a varenga enteira porque despois ao taladrar a carlinga, ca cuaderna e ca quilla, o burato iba polo centro das dúas pezas non fastidiaba a peza, a varenga para nada. Esa era, bueno, pillarías ou picardías que cada un tiña a súas sobre eso, non.

Unha vez, unha vez, unha vez metido as costillas todas, porque xa quedan no curvazón de proa e no zapatón de popa, entóns si, hai que pasar a facer a sobrequilla.

Sí, sí, a carlinga unha peza tiña que ser. Sí, porque cando a quilla era dúas ou tres pezas, ou catro, eso xa é imprescindible. Pero cando a quilla era dunha peza, a carlinga era dunha peza tamén.

- E o material?

Eucalipto, eucalipto porque non tes roble tan grande ou carballo tan grande. E de pino, é moi blando para eso.

A limera máis ben era de pino. A limera tense feito de dúas pezas hasta que nós, a través de tempo, fixemos barrenas adaptadas xa para a madre do timón, eh. Temos tido barrenas de 6 centímetros de grosor e pasar a limera de un lado a outro. Metela enteira despois pero facíanse en dúas pezas porque, cando non había esas barrenas, facíase en dúas pezas e machihembrábanse, facíase unha media luna en cada peza, machihembrábanse os cantos, xuntábanse un co outro e facíase igual pero en pino.

- E a ponte da hélice supoño que tamén tiña algunha particularidade.

O puente da hélice levaba os tacos do puente que eran de roble tamén pero en vez de levarlos ao largo levábase de cabeza, tacos de cabeza.

Temos, como se ve, a quilla, temos o alefriz, donde entra a aparadura cas caídas do alefriz, temos a aparadura, o bance, o pantoque, o ronzadero, a cinta, o cintón, a cinta vocal, a tapa tranganil, o rexistro, a cintilla, a regala e a sobretapa. Barraganetes, baos, cintilla interior, durmiente, palmejar e carlinga. E cuadernas, claro, que nos quedaron atrás.